

Heráldica de Pontevedra cidade (III)

Alfonso Mumary Ruibal

No lateral da Casa-Pazo dos Gago na rúa Princesa próxima a Isabel II, están esculpidas cinco labras heráldicas, todas relacionadas entre si, aínda que non todas pertencen a ese pazo e foran postas no lugar despois de desaparecer o edificio que as albergaba.

Curiosamente as dúas rúas están dedicadas á mesma persoa, ambas á raíña Isabel II, a primeira cando era nena e a segunda na súa etapa de raíña.

Nestes escudos están representados os brasóns de varias das liñaxes das que descendía dona M^a Xosefa Gago de Mendoza e Oca por liña materna e xa mencionada na anterior entrega.

O primeiro dos escudos que imos estudar mostra as armas dos Ribadeneira (liñaxe que aparece no s. XV-XVI), consistente na cruz flor-delisada cargada con cinco vieiras e as dos Zúñiga, que consiste nunha cadea en orla cunha banda no centro. Esta liñaxe ten a súa orixe na Casa Real de Navarra, estendéndose despois por toda a península.


O uso das cruces en heráldica popularizouse coas cruzadas. Os cruzados usaban cruces de diferentes esmaltes para distinguir a súa procedencia, así os hispanos utilizaban o goles (vermello), os francos a prata, os saxóns o ouro, os xermánicos o sable (negro) e os italianos o azur (azul). Ademais están as cruces das diferentes Ordes Militares, mais estas cruces non se incluían dentro do campo do escudo, senon que ían acoladas ao mesmo como ornamento exterior, pois o seu uso é soamente persoal e non transferible á liñaxe. Co paso do tempo numerosas liñaxes foron incorporando as cruces a seus brasóns combinándolas con outras figuras propias de cada unha.

As cunchas, tamén chamadas veneras ou vieiras aparecen relacionadas coa célebre e lendaria batalla de Clavijo, na que se apareceu o Apóstolo Santiago na axuda das forzas cristiáns e en cuxo recordo

moitas familias españolas adoptáronas no seu escudo por ser símbolo do apóstolo. Dita batalla tivo lugar o ano 844 entre as forzas de Ramiro I de Asturias e as musulmáns de Abderramán II. Segundo a lenda do s. XI antes da batalla o rei encomendouse a Santiago e ao seu berro arremeteron e derrotaron os musulmáns ceibándose do ominoso Tributo das Cen Doncelas. Polo tanto as veneras indican que os seus ascendentes serviron con valor nesta batalla, símbolo dun espírito ardente.

Represéntanse de fronte, presentando xeralmente a súa cara convexa coas súas estrías e coas orellas cara ao alto.

As cadeas simbolizan a vitoria tras o sometemento do inimigo. A súa orixe remontaría á memorable batalla das Navas de Tolosa (Serra Morena) na que as mesnadas procedentes dos reinos hispanos mandadas polos reis Alfonso VIII de Castela,



Ribadeneira-Zúñiga.



Pedro II de Aragón e Sancho VII de Navarra, derrotaron as hostes almohades, o luns 16 de xuño de 1212, que co seu esforzo e o de multitude de cabaleiros lograron romper o palenque protexido polas cadeas de Miramamolín.

E por último a banda (de sable) representa o tahalí do cabaleiro, debuxándose diagonalmente do ángulo superior dereito ao ángulo inferior esquerdo. A súa orixe atribúese aos cabaleiros que foron ás cruzadas, quen o usaban para suxeitar a espada, polo que simboliza o espírito de cruzada. Quizá por isto a banda é unha das pezas honorables máis utilizadas na heráldica española en recordo das xestas da Reconquista.

Os escudos dos que imos falar a continuación, están situados na porta de entrada, que está no patio á dereita, da que se coñece por Casa de Maceda e tamén por Casa de Barón de Casa Goda, é dicir o actual Parador de Turismo de Pontevedra.

A casa do Barón foi construída no s. XVI (no lugar onde estaba situada unha antiga villa romana) polos Condes de Maceda, pasando a pertencer no s. XVIII aos baróns de Casa Goda que fixeron as reformas máis importantes. Ata converterse en Parador o edificio estivo abandonado durante moitos anos utilizándose como almacén, talleres e escolas dependentes do concello.

D. Benito de Lanzós foi o propietario construtor, conde de Maceda, Grande de España, señor de Sobrán, Mourente, Lanzós e Santo Antoniño.

Co tempo pasou a ser propiedade dos Marqueses de Figueroa e Atalaya. O Marquesado de Figueroa toma a súa denominación da Torre de Figueroa, antigo solar da liñaxe, sito

en Abegondo (A Coruña) e que a día de hoxe segue a ser propiedade do marqués deste título.

O Marquesado da Atalaya é un título nobiliario español outorgado polo Rei Carlos II en 11 de agosto de 1692 co vizcondado previo de Cela.

D. José Pardo de Figueroa e Soutomaior foi nomeado marqués de Atalaya e non tivo descendencia.

D. Baltasar Pardo de Figueroa, primeiro marqués de Figueroa, cabaleiro de Santiago, casou coa súa curmá D^a M^a Pardo de Figueroa e Prada e tiveron por fillo a D. Juan José Pardo de Figueroa, terceiro marqués de Atalaya e segundo de Figueroa que casou con D^a Ana Gregoria Duque de Estrada, tendo por fillo a D. Baltasar Manuel Pardo de Figueroa e Duque de Estrada que casou con D^a Ana Jacoba de Valladares e Mariño de Lobeira, cuarta vizcondesa de Fefiñanes. Este matrimonio foi quen mandou labrar os escudos acolados que a continuación veremos e que corresponden a Pardo-Valladares, pertencentes ao s. XVIII.



Pardo-Valladares.

Sobre unha cartela con grilandas e adornos, están labrados dous escudo de forma ovalada e moi xuntiños.

O da esquerda PARDO: de ouro (o campo do escudo), unha águia coas ás abertas e coroadada.

O ouro é o primeiro e máis importante de todos os esmaltes. Representa o sol, a máis nobre luminosidade, pois nas sagradas escrituras lese que a sabedoría e a xustiza reloquen como o ouro e o sol, polo tanto a máis nobre cor asociada a reis e príncipes. Os que traen este esmalte suponse están obrigados a defender os seus príncipes, loitando por eles ata derramar a última gota de sangue, e facer o ben aos pobres. Imaxe do xuízo e a intelixencia, da sabedoría e da madurez de espírito.

A águia simboliza o poder, a xenerosidade, magnanimidade e barileza do espírito. A súa utilización emblemática remonta ás águas romanas como símbolo de autoridade imperial.

Polo tanto a águia é esencialmente unha figura heráldica nobiliaria, símbolo de poder e autoridade.

VALLADARES: xaquelado de ouro e goles (vermello) de seis e nove ordes.

Os xaqueles ou escaques son unha das máis nobres e antigas figuras das armerías, dándose soamente a valentes e esforzados guerreiros por sinal do seu valor e ousadía. Simboliza a milicia, por ser o taboleiro de xadrez a mellor representación do arte militar, cuxos escaques reproducen o campo de batalla cos dous exércitos enfrontados e identificados polas súas diferente cores.

O ouro quedou explicado máis arriba e o goles (vermello) recibe este nome das golas ou gargantas das feras,

ben porque se tñxen de vermello cando estas devoran ás súas presas, ben polo costume medieval de usar como color dos mantos peles das gornxas das martas cibelinhas tinxidas de vermello.

É a cor do lume e do sangue, falamos de martirio e de guerra. O seu uso na heráldica vai asociado á idea de fortaleza, vitoria, ousadía, enerxía e triunfo.

Os dous escudos timbrados con coroa de marqués.

En fronte destes últimos escudos e no mesmo patio do Parador, sobre o lintel dunha porta hai unha pedra labrada, moi gastada, da primeira metade do s. XVI e coa cartela bastante enroscada, representando a liñaxe dos Montenegro: de azur, un "M" coroadado, todo de ouro.

Dáse como propietario destas armas a D. Lope de Montenegro; Sr. Da Casa e Torre de Trabanca que

casou con D^a Ana de Soutomaioir, filla de D. Alonso de Soutomaioir, Sr. De Soutomaioir e de D^a Inés Enríquez de Monroy.

Os seus pais foron D. Lope de Montenegro, alcalde maior de Pontevedra e D^a Constanza López Cordido; sendo os seus avós paternos D. Tristán de Montenegro, Rexedor de Pontevedra en 1460. É o que morreu dun disparo de espingarda cando cercou a vila D. Pedro Álvarez de Soutomaioir (Pedro Madruga); e a súa avoa D^a M^a Sarmiento de Soutomaioir.

Os que traen a cor azur nas súas armas suponse que están obrigados a axudar aos fieis servidores dos príncipes que se encontren sen remuneración dos seus servizos. Simboliza entre as virtudes a xustiza; entre as calidades humanas está asociada á nobreza, así como á lealdade que se lle ha de ter ao soberano.

O anagrama ou cifra é unha letra que se pon nas empresas cabaleirescas, normalmente relacionada co apelido da liñaxe. Esta letra adoita ir coroadada co fin de destacar a súa importancia.

Bibliografía

Finca Miramar. Inventario y descripción de sus labras heráldicas. Carlos Acuña Rubio e Pablo Diz Pascual.

Historia de la ciudad de Pontevedra. Xosé Fortes Bouzán.

El gran libro de los apellidos y la heráldica, Juan Sebastián Elián.

Estudios de Genealogía, Heráldica y Nobiliaria de Galicia. Boletín nº 12-13.

Habládme pedras. José Benito García.

Simbología y diseño de la heráldica gentilicia galaica. Luis Valero de Bernabé y Martín de Eugenio y la colaboración de Vicenta M^a Márquez de la Plata y Ferrándiz.

Heráldica de Pontevedra. Escudos de armas labrados en piedra existentes en la zona monumental. Luis F. Messia de la Cerda y Pita con la colaboración de Jaime Bugallal y Vela.

Fotografías do autor.

